



BOP

MIÉRCOLES, 29 DE MAIO DE 2024

N.º 123

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO.UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2024/CON_02/000042.- FRIOL.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DO FIRME MEDIANTE REGOS CON GRAVILLA LU-P-2104 "PORTADORNAS (LU-934) - XIA - LAMEIRO (LU-P-2108)" P.K 0+000 A 2+689 E RAMAL P.K. 0+000 A 0+145

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, 24 de maio de 2024.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1486

CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN AL PRESUPUESTO DE GASTOS POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO

Polo Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento en sesión celebrada o pasado día 23 de maio de 2024, aprobouse provisionalmente o expediente de modificación do orzamento de gastos por Suplemento de Crédito.

En virtude do disposto nos artigos 169 e 177 do RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, dito expediente exponse ao público na Secretaría deste consorcio durante o prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio, aos efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que consideren oportunas aos seus dereitos.

No suposto de non presentarse reclamacións no prazo indicado o expediente entenderase definitivamente aprobado producindo efectos dende a data de aprobación provisional una vez que se publique integramente.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Lugo, 23 de maio de 2024.- O SECRETARIO INTERVENTOR, Jose Antonio Mourelle Cillero.

R. 1487

CONCELLOS**BÓVEDA***Anuncio*

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público na Secretaría deste Concello a Conta Xeral correspondente ao exercizo 2023, por un prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Bóveda, 27 de maio do 2024.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 1488

BURELA*Anuncio***EXPTE. 594/2024.- ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 15 REGULADORA DA TAXA POLA DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE NO CONCELLO DE BURELA**

O Pleno de este Concello, na súa sesión ordinaria celebrada o día 4 de abril de 2024, aprobou inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche no Concello de Burela.

O expediente estará exposto ao público, ós efectos de que os interesados poidan examinalo e presentar, no seu caso, as reclamacións que estimen oportunas, dentro do prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó de esta publicación, e segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 17 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Burela, 23 de maio de 2024.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 1489

*Anuncio***EXPTE. 703/2024.- ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 12 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIRO NO CONCELLO DE BURELA**

O Pleno deste Concello, na súa sesión ordinaria celebrada o día 4 de abril de 2024, aprobou inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiro no Concello de Burela.

O expediente estará exposto ao público, ós efectos de que os interesados poidan examinalo e presentar, no seu caso, as reclamacións que estimen oportunas, dentro do prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó de esta publicación, e segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 17 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Burela, 23 de maio de 2024.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 1490

LOURENZÁ*Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO**

Padrón fiscal do Servizo de Recollida de Residuos Sólidos Urbanosdo 1º trimestre de 2024.

EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación da taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao 1º trimestre de 2024.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas oficinas municipais do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido nos artº 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2005, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación. O ingreso do recibo farase en calquera oficina do Banco Santander.

Os recibos dos titulares que non teñan domiciliado o pago, serán enviados os seus respectivos domicilios para que fagan o ingreso na conta que se lle indique. Para as persoas que teñan domiciliado o pago, o Concello remitirá o correspondente recibo á conta de domiciliación.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago da taxa serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 24 de maio de 2024.- A Alcadesa, Dª. Rocío López García.

R. 1491

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA XIMNASIO ABRIL DE 2024

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data **3 DE MAIO 2024**, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO correspondente ao mes de **ABRIL DE 2024** por importe de **880,21 EUROS (OITOCENTOS OITENTA CON VINTA E UN EUROS)**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránlles debidos nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 3 de maio de 2024.- A Alcadesa – Presidente, D^a. Rocío López García.

R. 1492

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. ABRIL 2024

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 08 de maio de 2024, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Abril de 2024 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil novecentos sesenta e cinco euros con corenta e tres céntimos de euro (3.965,43€) , tres mil cincocentos setenta e un euros con sesenta e oito céntimos de euro(3.571,68€) correspondente a dependencia , e trescentos noventa e tres euros con setenta e cinco céntimos de euros (393,75€) son de libre concorrencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcadesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 8 de maio de 2024.- A Alcadesa – Presidente, D^a. Rocío López García.

R. 1494

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA ABRIL 2024

Por Xunta de Goberno Local do día13.05.2024 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de ABRIL de 2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu

caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 24.05.2024 ata o 24.07.2024.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 20 de maio de 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1493

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 22 de maio de 2024, aprobouse o Padrón Tributario da taxapola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 2º bimestre do exercicio 2024, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido no Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 de xuño ata o 17 de xuño de 2024. Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas do municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Outeiro de Rei, 22 de maio de 2024.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 1495

SAMOS

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de data 05 de abril de 2024, sobre o expediente de modificación de créditos do orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo *ao remanente líquido de tesorería*, como segue a continuación:

Altas en aplicacións de gastos

Suplemento de crédito :

| Aplicación orzamentaria | | Descrición | Euros |
|-------------------------|-----------|--|-----------|
| Progr. | Económica | | |
| 920 | 213 | Servizos públicos básicos. Maquinaria, instalación técnicas e utillaxe | 15.000,00 |
| 920 | 22699 | Servizos públicos básicos. Outros gastos diversos | 8.900,00 |

| | | | |
|---------------------|-----|---|------------------|
| 920 | 466 | Servizos públicos básicos. Transferencia a outras entidades | 21.871,80 |
| TOTAL GASTOS | | | 45.771,80 |

2.º FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Altas en Conceptos de ingresos

| ECONÓMICA | Descrición | Euros |
|-----------------------|--|------------------|
| Concepto | | |
| 870.00 | Remanente de Tesourería para gastos xerais | 45.771,80 |
| TOTAL INGRESOS | | 45.771,80 |

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Sen prexuízo diso, a teor do establecido no artigo 171.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Samos, 23 de maio de 2024.- A Alcaldesa, D^a M^a Jesús López López.

R. 1496

O SAVIÑO

Anuncio

APROBACION DEFINITIVA DO REGULAMENTO Nº 17 DE FUNCIONAMENTO INTERNO DA COMISION DE IGUALDADE DO CONCELLO O SAVIÑO(Expte. 399/2024).

Sendo aprobado inicialmente pola Corporación en Pleno, en sesión ordinaria de data 27/03/2024, o REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO INTERNO DA COMISION DE IGUALDADE DO CONCELLO O SAVIÑO (nº 17), e transcorrido o prazo de 30 de días de exposición pública (BOP Lugo núm. 082, de 9 de abril de 2024) e non presentándose alegacións, considérase aprobado definitivamente e publícase integramente en cumprimento do preceptuado no art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

O presente acto pon fin á vía administrativa e contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo ante a Sala do TSX de Galicia no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación. Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

ANEXO

REGULAMENTO nº 17 DE FUNCIONAMENTO INTERNO DA COMISIÓN DE IGUALDADE DE O SAVIÑO

PREÁMBULO

O concello de O Saviño asume o compromiso firme co establecemento e desenvolvemento de políticas que promovan a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, sen discriminar directa ou indirectamente por razón de sexo, así como co impulso e fomento de medidas para conseguir a igualdade real dentro do concello, establecendo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como principio estratéxico da nosa política corporativa, de acordo coa definición deste principio na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

A igualdade entre mulleres e homes é un dereito universal recoñecido en diversos textos internacionais sobre dereitos humanos, entre os que destaca a Convención sobre a eliminación de todas as formas de

discriminación contra a muller, aprobada pola Asamblea Xeral das Nacións Unidas en decembro de 1979 e ratificada por España en 1983.

Tamén é un principio fundamental na Unión Europea. Desde a entrada en vigor dos Tratados de Ámsterdam o 1 de maio de 1999, e de Lisboa o 1 de decembro de 2009, recoñécese o carácter xurídicamente vinculante da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, convertíndose a igualdade entre mulleres e homes e a eliminación das desigualdades nun obxectivo de carácter transversal, que debe integrarse en todas as políticas e accións da Unión Europea.

A Constitución Española de 1978 recolle no artigo 14 o principio de non discriminación por razón de sexo, e establece no artigo 9.2 a obrigaçión e responsabilidade dos poderes públicos para facer cumprir de forma efectiva este mandato constitucional.

A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece que o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes supón a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo e, especialmente, as derivadas da maternidade, a asunción de obrigaçións familiares e o estado civil, así como que a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes é un principio informador do ordenamento xurídico.

Dende O concello de O Saviñao, somos conscientes de que a nosa xestión do público ten que estar en consonancia coas necesidades e demandas da sociedade, e por iso, asumimos o compromiso para a elaboración do I PLAN DE IGUALDADE interno no noso concello e para a súa implementación, co obxectivo de avanzar na consecución da igualdade real entre mulleres e homes nesta entidade, motivo polo que se crea a Comisión Municipal de Igualdade. A súa finalidade, composición e funcionamento régúlase polo disposto no presente Regulamento.

TÍTULO I. OBXECTIVO, NATUREZA E COMPETENCIAS

ARTIGO 1. OBXECTIVO

O presente regulamento ten por obxectivo regular a composición, organización, competencias e funcionamento da Comisión de Igualdade do concello de O Saviñao, en cumprimento do disposto nos artigos 45 e 46 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes e a súa normativa de desenvolvemento. Constitúese como un órgano colexiado, de carácter valorativo e consultivo.

O réxime de organización e funcionamento da Comisión de Igualdade axustarase ao disposto no presente regulamento.

ARTIGO 2. NATUREZA

A Comisión de Igualdade do concello de O Saviñao é o órgano encargado de promover o cumprimento do principio de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes no ámbito do concello como Corporación.

Así mesmo, esta comisión será a encargada de velar polo cumprimento do citado plan, realizando as tarefas de seguimento, supervisión e avaliación das medidas adoptadas.

ARTIGO 3. COMPETENCIAS

1. Elaborar o Plan de Igualdade do concello de O Saviñao que será aprobado polo Pleno corporativo.
2. Elaborar un protocolo de actuacións en caso de acoso sexual e/ou por razón de sexo que deberá ser aprobado pola Mesa de Negociación.
3. A coordinación con todas as áreas e servizos da Corporación para a implementación e seguimento do Plan de Igualdade.
4. Elaboración dun calendario anual de accións a desenvolver.
5. Seguimento e elaboración de informes periódicos de avaliación dos obxectivos e medidas fixadas no Plan de Igualdade.
6. Garantir a incorporación dun uso non sexista da linguaxe en todos os documentos elaborados pola Corporación.
7. Velar polo cumprimento do principio de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes no ámbito do concello de O Saviñao.
8. Sensibilizar e informar sobre a importancia de incorporar o principio de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes na Corporación, e sobre a necesidade dunha participación activa das e dos empregadas/os do concello na elaboración, desenvolvemento e avaliación do Plan de Igualdade.
9. Propoñer medidas de mellora encamiñadas ao cumprimento do principio de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes dentro da Corporación, e baseadas na normativa vixente.
10. Difundir o compromiso adquirido, os resultados do diagnóstico e do desenvolvemento do Plan de Igualdade.

11. Impulsar a difusión do Plan de Igualdade dentro do concello e promover a súa implementación.

12. Impulsar o seguimento e avaliación do Plan de Igualdade.

TÍTULO II. ESTRUCTURA DA COMISIÓN

ARTIGO 4. COMPOSICIÓN

A Comisión de Igualdade entre Mulleres e Homes do concello de O Saviñao está composta por 4 persoas:

- 2 en representación dos e das empregados/as públicos/as, e
- 2 por parte da Corporación.

A Comisión será, na medida do posible, paritaria en canto ao xénero das persoas que a compoñen.

A Comisión terá a seguinte composición:

| | |
|---|--|
| Por parte do Concello | |
| Presidencia | Alcaldía ou concelleiro/a en quen delegue |
| Vogal | Concelleira de Cultura, Servizos Sociais e Gobernación |
| Por parte da representación sindical | |
| Vogal | Representante do persoal laboral do Concello |
| Vogal | Representante do persoal laboral do Concello |
| Secretaría | |
| Secretario/a | Secretario/a da Corporación ou empregado/a pública do Concello en quen delegue |

A Presidencia ten a función de convocar as reunións ordinarias ou extraordinarias, establecer a orde do día, presidir, suspender e levantar as sesións, dirixir os debates e ordenar as votacións.

A Secretaría ten a función de levantar acta correspondente ás sesións segundo o referenciado neste Regulamento. A persoa que ostente a secretaría asistirá con voz pero sen voto.

A Comisión de Igualdade poderá contar co asesoramento e/ou a presenza nas reunións de persoas expertas en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes con voz pero sen voto. É necesario acreditar formación e experiencia en igualdade de oportunidades para actuar como asesor/a na Comisión de Igualdade.

O concello pon a disposición da Comisión de Igualdade os locais e medios necesarios para celebrar as reunións. Non asume os gastos de traslados, dietas ou outros que traian causa na asistencia ás reunións da Comisión de Igualdade.

ARTIGO 5. PERTENZA Á COMISIÓN

As e os membros natos da Comisión de Igualdade manterán a devandita condición en tanto permanezan ocupando o cargo polo que pertencen á Comisión. En caso de cese do cargo, incorporárase á Comisión a persoa que o substitúa no seu posto na Corporación, e no caso dos representantes sindicais dos e das traballadores/as, a persoa designada en cada caso.

TÍTULO III. FUNCIONAMENTO

ARTIGO 6. REUNIÓNS

As convocatorias da Comisión de Igualdade de Oportunidades poderán ser ordinarias e extraordinarias.

As sesións ordinarias terán lugar de acordo ao calendario aprobado na acta de constitución da Comisión de Igualdade. As convocatorias posteriores á aprobación do Plan de Igualdade, para o seu seguimento e avaliación, terán carácter anual, unha vez aprobado o Plan.

A convocatoria ordinaria das sesións realizarase a través do correo electrónico indicado polos integrantes da comisión, cunha antelación mínima de 7 días naturais.

As convocatorias extraordinarias terán lugar a petición dunha das partes para tratar asuntos urxentes que se indicarán na orde do día, e realizaranse, polo menos, con 2 días naturais de antelación.

Tanto nas convocatorias ordinarias como nas extraordinarias deberá aparecer, como mínimo, a seguinte información:

- Data, hora e lugar de celebración.

- Orde do día, cun primeiro punto referido á aprobación da acta da reunión anterior.

Para a válida constitución da Comisión a efectos da celebración das súas sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza da metade máis un dos seus membros.

ARTIGO 7. VOTACIÓN E ADOPCIÓN DE ACORDOS

Agás que expresamente se estableza outra norma, os acordos adoptaranse por maioría simple dos votos emitidos. En caso de empate, efectuarase outra votación e, se houberse empate de novo, a/o Presidenta/e exercerá o voto de calidade.

Aqueles acordos que requiran aprobación posterior polo Pleno do concello, unha vez adoptados, serán remitidos a dito órgano a tales efectos.

ARTIGO 8. ACTAS

A/o Secretaria/o da Comisión de Igualdade levantará acta de cada reunión, que recollerá:

- Nomes das persoas que asistiron á reunión.
- Nomes das persoas que xustificaron a súa ausencia.
- Circunstancias de lugar e tempo.
- Orde do día.
- Puntos principais das deliberacións.
- Propostas sometidas a consideración.
- Contido e modo de adopción dos acordos e, no caso de existir votación, resultado da mesma.

Os borradores das actas serán enviados ás e aos membros da Comisión, xunto á convocatoria da sesión na que se van someter á aprobación.

ARTIGO 9. REXIME XURIDICO

A Comisión de Seguimento do Plan Municipal de Igualdade do Concello de O Saviñao, rexeráse polas disposicións contidas no presente Regulamento e, no non disposto neste Regulamento, a comisión rexeráse por:

- A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes.
- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento Administrativo Común das AA. PP.
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

ARTIGO 10. MODIFICACION DO REGULAMENTO

As modificacións ou reformas do presente Regulamento deberán realizarse polo mesmo procedemento polo que foi aprobado o mesmo.

TÍTULO IV. GARANTÍAS

ARTIGO 11. GARANTÍAS

Para que a Comisión poda realizar a súa tarefa, facilitaráselle toda a información necesaria por parte da Corporación, sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal.

DISPOSICION FINAL UNICA

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente, e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O Saviñao, 21 de maio de 2024.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1497

Anuncio

APROBACIÓN MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA TRAMITACIÓN OU EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS (Exp. 410/2024)

De conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, finalizado o período de exposición

pública sen presentarse reclamacións, enténdese automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario deste Concello, de data 27/03/2024, de aprobación provisional da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola tramitación ou expedición de documentos administrativos, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 09/04/2024 (BOP nº 082).

O texto íntegro da devandita Ordenanza faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, para o seu xeral coñecemento. Así mesmo, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e estará a disposición dos/as interesados/as na sede electrónica deste Concello: <https://concellodosavinao.sedelectronica.gal>.

ORDENANZA N º 1 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICION DE DOCUMENTOS

ADMINISTRATIVOS

Artigo 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 2, 15 ao 19 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 20 a 27 e 57 da citada norma, este Concello establece a taxa por expedición de documentos e tramitación de expedientes administrativos.

Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expidan e de expedientes que tramiten os servizos municipais.

2. Para estes efectos, entenderase tramitada por instancia de parte calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non mediase unha solicitude expresa do interesado.

3. Non estará suxeita a esta taxa a expedición de documentos e a tramitación de expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais fronte a este municipio, así como as consultas referidas a tributos locais, as solicitudes de devolución de ingresos indebidos, e os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole.

Artigo 3. SUXEITO PASIVO.

É suxeito pasivo contribuínte a persoa física e xurídica e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou en cuxo favor se faga a expedición do documento ou a tramitación do expediente.

Artigo 4. RESPONSABLES.

Responderán solidariamente da obriga tributaria do suxeito pasivo as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5. BASE IMPOÑIBLE.

A base imponible desta taxa, que será igual á liquidable, establecerase en función da natureza dos expedientes a tramitar o dos documentos a expedir.

Artigo 6. COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa, segundo a natureza dos expedientes a tramitar o dos documentos a expedir, de conformidade coas seguintes tarifas:

| EXPEDICION DE DOCUMENTOS | TARIFAS |
|--|------------------------------------|
| Certificados e informes urbanísticos de todo tipo | 15,00 € |
| Copias de Planeamento en A4 | 5,00 € por copia |
| Planos e documentos noutros tamaños | Importe facturado pola copistería |
| Copias de expedientes administrativos | 15,00 € |
| Certificación catastral descritiva e gráfica dunha parcela (urbana ou rústica) | 5,00 € |
| Dilixencia de cotexo ou compulsas de documentos | 1,20 € a 1ª 0,30 € as seguintes |
| Bastanteo de poderes | 15,00 € |

| | |
|---|---------|
| Duplicado de licenza ou de toma de razón comunicación | 10,00 € |
| Certificado de tempo traballado | 10,00 € |
| Certificado Inventario bens e outros. | 15,00 € |

| TRAMITACION DE EXPEDIENTES | TARIFAS |
|--|----------|
| Denuncia a instancia de parte | 100,00 € |
| Agrupación/reparcelación e/ou segregación parcelas (urbanas ou rústicas) | 20,00 € |
| Comunicación previa en materia urbanística | 60,00 € |
| Declaración responsable en materia urbanística | 60,00 € |
| Licenza de obras | 120,00 € |
| Solicitud de prórroga licenza | 60,00 € |
| Declaración de ruína | 60,00 € |
| Comunicación primeira ocupación de vivenda | 100,00 € |
| Comunicación inicio de actividade inocua | 150,00 € |
| Comunicación inicio de actividade clasificada | 200,00 € |
| Expedición cartón de armas | 10,00 € |
| Solicitud de vado | 10,00 € |

Artigo 7. OBRIGA DE CONTRIBUIR.

A taxa devengarase e nace a obriga de contribuir coa presentación da solicitude de expedición de documentos ou de tramitación dos expedientes polo/a interesado/a ou, no seu caso, polo representante legal do anterior.

Artigo 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. A taxa será esixida en réxime de autoliquidación, mediante o ingreso do importe na conta bancaria que ao efecto se lles indique aos suxeitos pasivos, debendo presentar o xustificante bancario correspondente xunto coa solicitude de que se trate.
2. As solicitudes recibidas polos condutos aos que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que non veñan acompañadas da preceptiva autoliquidación, serán admitidas provisionalmente, pero non se tramitarán ata a emenda da deficiencia. A tal efecto será requirido o/a interesado/a para que, no prazo de dez días hábiles, ingrese o importe correspondente, co apercibimento de que, transcorrido o devandito prazo sen xustificar o ingreso da taxa, a solicitude será arquivada.
3. Non se expedirá ningún documento nin se tramitará ningún expediente, cando estén suxeitos ao pagamento de taxa, sen que previamente se achegue o xustificante da autoliquidación correspondente.

Artigo 9. INFRACCIONS E SANCIONS.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como da aplicación das correspondentes sancións, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICION DERROGATORIA

Queda modificada a ORDENANZA FISCAL nº 1 REGULADORA TAXA POLA EXPEDICION DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS, publicada no BOP núm. 179, do 5 de agosto de 2008; cunha 1ª modificación publicada

BOP núm. 114, do 19 de mayo de 2012, e cunha 2ª modificación publicada no BOP núm. 059, do 13 de marzo de 2015, derogándose naquelas partes que contradigan ao presente texto normativo.

O Saviñao, 24 de maio de 2024.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1498

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución de Alcadía num. 2024/0142, de data 23 de maio de 2024, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondentes ao mes de abril de 2024, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias de Servicios Sociais do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, art. 22 da ordenanza reguladora municipal do SAF e art. 5 da ordenanza do prezo público pola prestación de dito servizo.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviñao. 24 de maio 2024.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1499